

PRIMAVERA



ARCO DA VELLA CON LACASITOS

Colocamos os lacasitos nun recipiente formando un círculo, no medio botamos un pouco de auga fría ou morna, que pasará?



FLORES MÁXICAS

Debuxamos e recortamos unha flor con 5-6 pétalos en papel. Dobramos con coidado cada pétalo sobre o centro da flor. Poñemos as flores nun recipiente con auga e observamos o que acontece.



UN INVERNADOIRO NA NOSA VENTÁ

Explicado no Anexo I



ARCO DA VELLA NUN VASO

Explicado no Anexo I

XOGOS



BÚSQUEDA DO TESOURO

Explicado no Anexo I.



CREA HISTORIAS CUN DADO

Explicado no Anexo I.

NUMBER BINGO			NU
5	2	1	1
9	0	2	2
10	3	4	9

BINGO DE NÚMEROS E LETRAS

Atoparedes os PDFS no seguinte enlace:

https://drive.google.com/drive/u/2/folders/1KgBgdCPBOMYGGwo892j_dsrAkBIC4VvX



PALABRAS OCULTAS

Explicado no anexo II.

LINGUAXE ORAL



DESCRIBE E ADIVIÑA

Un dos xogadores séntase dando o lombo á pantalla do ordenador. Outro busca no ordenador unha foto de algo que poidamos describir. O resto de xogadores dan pistas describindo o obxecto pero sen dicir o seu nome, O que está dando o lombo ten que adiviñalo.



A CESTA DOS CONTOS

Metemos nunha cesta, caixa ou saco diferentes obxectos que atopemos na casa, canta menos relación teñan mellor. Os nenos/as sacarán tres ou catro e deberán inventar unha historia con eles.



ADIVIÑA O SON

Escoitamos distintos sons (da natureza, da cidade, da casa...) e adiviñamos quen os emite.



PELOTA PREGUNTONA

Explicado no Anexo II.

ARTE



DEBUXAMOS CON PLASTILINA

Facemos debuxos coa plastilina ou completamos os modelos que podedes atopar na carpeta do Drive "Familias".



APRENDO A TECER

Explicado no Anexo III.



RECORTA QUE RECORTA

Recortamos distintos tipos de liñas, impresas en papeis de cores. Primeiro rectas, despois curvas...
Cos papeliños facemos unha composición.



FLORES CON OVEIRAS

Cortamos a oveira como no modelo. Pintámola combinando diferentes cores. Empregamos unha palliña a modo de tallo. Podemos falar con eles das distintas partes das plantas.

ANEXO I

UN INVERNADOIRO NA NOSA VENTÁ

MATERIAIS:

- Pequenas bolsas de plástico
- Algodón ou papel de cociña
- Auga
- Lentellas, fabas, garavanzos, feixóns...

A MAIORES:

Podedes facer a casiña do invernadoiro: Dobrades unha cartolina pequena pola metade e cortades a parte superior con forma de casiña. Debuxades un rectángulo no interior e o recortades. Decorades con debuxiños.

PROCEDEMENTO:

Primeiro desfacemos un pouco o algodón e introducímolo no fondo da bolsa. A continuación botamos un pouco de auga e empapámolo ben. Colocamos as legumes apertándoas un pouco contra o algodón. Cada unha na súa bolsa identificadas co nome. Esperamos uns días e imos comprobando como van medrando as nosas sementes. Iremos botando un pouco de auga cada día para que non seque.



ARCO DA VELLA NUN VASO

MATERIAIS:

- Vaso ou recipiente grande de cristal
- Vaso medidor
- Colorante vermello, amarelo e azul
- Culler
- Mel
- Auga
- Xabón da louza
- Alcol
- Aceite

ANEXO I

PROCEDIMENTO:

Primeiro faremos a cor púrpura. Enchemos a metade do vaso medidor con mel. Engadimos unha gota de colorante azul e outra de colorante vermello. Remexemos ben e vertemos o resultado no vaso grande. A continuación faremos a cor azul. Vertemos xabón ata a metade do noso vaso medidor e engadimos o colorante azul e incorporámolo ao noso vaso. O seguinte paso é a cor verde. Enchemos a metade do vaso medidor de auga e mesturando unha gota de cor azul e outra de amarelo, obteremos o verde. Mesturamos ben e engadímolo ao vaso grande. Para facer a cor amarela, empregaremos aceite. Enchemos medio vaso medidor de aceite e verterémolo con coidado no vaso grande. Remataremos coa cor vermella. Enchemos medio vaso medidor con alcol e engadimos unhas gotas de colorante vermello. Mesturamos ben e vertemos no vaso grande.

*É moi importante verter as cores con moito coidado para que non se mesturen entre elas.

BÚSQUEDA DO TESOURO



PRIMEIRO DEBUXAMOS O MAPA COA AXUDA DOS MAIORES.



SEGUIMOS AS PISTAS PISTAS POSTAS POLOS MAIORES



DISFRAZÁMONOS



ATOPAMOS O NOSO TESOIRO

BÚSQUEDA DO TESOURO.

ANEXO I

CREA UNHA HISTORIA.

CREA UN DADO.

TIRA O DADO.

Se sae 1:

O Personaxe é un monstro de dúas cabezas. dentro dunha cova e atopa unha capa máxica.

Se sae 3:

O personaxe é unha princesa ou príncipe, está nun deserto e atopa un cofre máxico.

Se sae 2:

O personaxe é un dragón que non lanza lume, está dentro dunha granxa e atopa unha pócima máxica.

Se sae 4:




O personaxe é un robot, está nun lago e atopa unha barca abandonada.










ANEXO II

PALABRAS OCULTAS




Para traballar a conciencia fonolóxica e ademais a lectoescritura xogaremos ás palabras ocultas. Deberemos escribir a primeira letra de cada debuxo e descubrir así a palabra que se esconde. Podemos completar a actividade facendo un debuxo da palabra atopada.

		
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

		
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

			
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

ANEXO II



PELOTA PREGUNTONA

Imos pasando a pelota duns a outros a medida que damos a resposta a unha consigna previa. Por exemplo, temos que dicir animais, pois cada vez que teñamos a pelota diremos un animal sen repetir ningún dos anteriores.

Podemos aumentar a dificultade: Dando consignas máis concretas como: animais que vivan no mar, animais que vivan na selva, cousas que atopamos na cociña, cousas que atopamos na baño...


Pedindo que ademais da nosa, debemos dicir tamén as respostas anteriores. Por exemplo, no caso de animais: gato/ gato-rato/ gato-rato-can....

ANEXO III

APRENDO A TECER

PROCEDEMENTO:

1. Nun cartón debuxamos un círculo coa axuda dun obxecto que teñan forma circular e debuxamos cun lapis liñas como no modelo e cortamos un pouco o extremo das mesmas.
2. Pegamos con cinta adhesiva un anaco de la no dorso do círculo.
3. 4. e 5. Tecemos seguindo o modelo marcado co lapis.



6. Pegamos o outro extremo ao dorso.

7. Cambiamos de cor facendo un pequeno nó no centro.

8. Tecemos de xeito circular, podemos ir incluíndo abelorios.

